

NOTA DE PRENSA

OS VIÑOS DO D.O RÍAS BAIXAS PROTAGONIZARON UNHA CATA NO CONCURSO INTERNACIONAL MUNDUS VINI DE ALEMAÑA

30 de agosto 2010.- O Consello Regulador da Denominación de Orixe Rías Baixas tomou parte na celebración do Gran Premio Internacional do Viño Mundus Vini, que se celebrou na cidade alemá de Neustadt a pasada fin de semana. Considerado o maior concurso vinícola recoñecido internacionalmente, a participación desta denominación de orixe en Mundus Vini desenvolveuse na mañá do domingo e consistiu nunha cata-presentación dos viños Rías Baixas.

O secretario xeral do Consello Regulador, Ramón Huidobro, foi o encargado de levar adiante a cata, que se iniciou cunha breve presentación da Denominación de Orixe. A produción, variedades de uva empregadas así como as características dos seus terreos e dos viños Rías Baixas centraron esta primeira parte do evento. Acto seguido celebrouse a cata na que o sector profesional que se deu cita neste destacado concurso tivo a oportunidade de coñecer diferentes elaboracións dos viños Rías Baixas.

Neste sentido, Ramón Huidobro destacou a relevancia de que o Consello Regulador estea presente en foros deste tipo, xa que “permítenos seguir traballando no grao de coñecemento dos viños de Rías Baixas no exterior, facilitando a posibilidade de que importadores e consumidores coñezan de primeira man os nosos produtos”.

Concurso anual

O Premio Internacional do Viño Mundus Vini foi creado en 2001 baixo o auspicio da Organisation Internationale de la Vigne et du Vin (OIV) e da Unión Internationale deas Oenologues (UIOE) para viños de calquera zona do mundo. Celebrado con carácter anual desde a súa creación, xa desde a súa primeira edición alcanzou importantes cifras de participación que han ir en incremento. En 2009 máis de 5.700 elaboracións tomaron parte no concurso, cuxo obxectivo é fomentar a calidade e promover a comercialización dos viños que participan no concurso.